

CAFI. OBRADOIROS DE MELLORA DA COMPETENCIA COMUNICATIVA DO PROFESORADO

ESTRATEGIAS DE MEDIACIÓN LECTORA

Sofia Rama

OBRADOIRO. LECTURA E TAREFAS COMPETENCIAIS EN TODAS AS MATERIAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.

BENVID@S,

Profesoras?

Profesores?

Docentes?

Mediador@s?

Compañeir@s!




BREVE ENQUISA

- A que dedicas o teu tempo na aula?





BREVE ENQUISA

- Canto tempo lle dedica o teu alumnado a escoitar, a ler, a ver audiovisuais, a responder, a argumentar, a practicar, a ensinar a outr@s?





BREVE ENQUISA

- Que recursos
utilizades na
aula?



BREVE ENQUISA

- Como avalías o teu alumnado?
- Como se autoavalía o teu alumnado?
- Como avaliades o labor docente e os recursos?






Rúbrica para exposición oral – Concurso Tirallo da Lingua no IES da Pobra do Caramiñal

CRITERIOS DE VALORACIÓN	ESCALA DE BAREMACIÓN		
	2	1	0,5
Calidade da historia	• Está completa • Ten sentido • Ten interese • É orixinal	• Está completa • Ten sentido • Ten interese • Non é orixinal	• Non está completa • Ten sentido • Non ten interese • Non é orixinal
Fluidez e capacidade comunicativa	• expresión clara • Fluidez (sen vacilacións) • Coherencia • Ben preparado	• expresión clara • Fluidez (algúns vacilacións) • Discurso ás veces incoherente • Medianeiramente preparado	• Momentos en silencio • Fluidez (moitas vacilacións) • Discurso incoherente • Sen preparar
Corrección lingüística	• Estructuras morfosintácticas adecuadas ao nivel • Sen erros gramaticais nin de sintaxe • Léxico rico e variado • Fraseoloxía popular	• Estructuras morfosintácticas simples • Erros gramaticais e de sintaxe • Léxico común • Sen fraseoloxía popular	• Estructuras morfosintácticas demasiado simples para o nivel • Erros gramaticais e de sintaxe frecuentes • Léxico pobre e inadecuado • Sen fraseoloxía popular
Presentación perante audiencia	• Voz alta, clara e comprensible • Volume, vocalización e entoación adecuados • expresión corporal correcta • Interacción espontánea e adecuada co auditorio	• Voz comprensible • Volume adecuado pero vocalización e entoación inadecuadas • expresión corporal insignificante • Escasa interacción co auditorio	• Voz incomprensible • Volume inadecuado • Actoosa nerviosismo e inseguridade • Non conecta co auditorio
Uso do tempo (mín. 3' – máx. 5')	• Utiliza o tempo adecuadamente, máximo 5'	• Utiliza o tempo adecuadamente (por riba dos 3'), pero ao final ten que cubrir o tempo con tópicos ou con prisa	• Remata moi pronto (menos de 3'). Ten problemas con uso do tempo

BREVE ENQUISA

- Como desfruta máis aprendendo o teu alumnado?




BREVE ENQUISA




- **que metodoloxía utilizas?**

METODOLOGÍA DIDÁCTICA





TRADICIONAL

- Magistercentrista
- Enciclopedista
- Uniformista
- Memorística
- Finalista



METODOLOGÍAS DIDÁCTICAS



ACTIVAS

- Protagonista: @ alumna@
- Recursos: diversos
- Método: atención á diversidade
- Aprendizaxe: "aprender facendo"
- Avaliación: continua (do proceso)

**COMO APRENDE
MÁIS E MELLOR
O NOSO
ALUMNADO?**



A PIRÂMIDE DA APRENDIZAXE

Auditivo

Visual

Cenestésico

PASIVA

ACTIVA

ESCOITAR

5%

LER

10%

UTILIZAR AUDIOVISUAIS

20%

DEMOSTRAR

30%

ARGUMENTAR

50%

REALIZAR PRÁTICAS

75%

ENSINAR A OUTROS

90%

PORCENTAXE DE
RETENCIÓN
DESPOIS DE 24
HORAS

FONTE: Cody Blair,
investigador de
como aprenden e
lembran os/as
estudantes de
maneira máis
efectiva. ([URJC](#))

**CAL DEBE SER O
ROL DOCENTE?**





estimuladora

motivadora

provocador

guía

acompañante

observador

incentivador

condutora

docente

mediador

Observador-a de todo o proceso de aprendizaxe, pois debe
avalialo na súa integridade e non só o resultado final.

QUE CARACTERÍSTICAS DEBE POSUÍR A PERSOA DOCENTE?

- coñecemento da súa materia.
- coñecemento da DIDÁCTICA para impulsar o ensino-aprendizaxe.
- dominio de estratexias inclusivas (DUA).
- implicación para incorporar temas transversais como a igualdade de xénero, a inclusión ou os ODS.
- dominio das competencias dixitais.
- capacidade para usar a avaliación como ferramenta de ensino.
- capacidade para reflexionar sobre a súa práctica docente.
- capacidade para vincular a súa práctica coa contorna.
- capacidade para innovar.



SEGUNDO A LOMLOE

**EN QUE
CONSISTE O
ENSINO-
APRENDIZAXE
COMPETENCIAL?**



QUE É O ENFOQUE COMPETENCIAL?

O concepto de "competencia" fai referencia á **aplicación** das aprendizaxes realizadas. Despregar unha competencia implica a capacidade para resolver exitosamente situacións e problemas, a través da activación e aplicación de coñecementos. É dicir, o enfoque competencial incide máis na necesidade de utilizar e aplicar os **contidos (coñecementos, destrezas e actitudes)** adquiridos para afrontar retos que na aprendizaxe descontextualizada de ditos contidos. Isto implica a activación e integración de aprendizaxes de distinta natureza que interactúan entre si.

SEGUNDO A LOMLOE

ALFABETIZACIÓN

competencia clave

COÑECEMENTOS

- GRAMÁTICA
- VOCABULARIO
- ORTOGRAFÍA
- EXPRESIÓN
- XESTUALIDADE
- REXISTROS
- ESTILOS

DESTREZAS

- COMPRENSIÓN ORAL
- COMPRENSIÓN ESCRITA
- EXPRESIÓN ORAL
- EXPRESIÓN ESCRITA
- INTERACCIÓN VERBAL

ACTITUDES

- INTERESE POLA LINGUA
- AUTOCONFIANZA E EMPATÍA
- RESPECTO E ASERTIVIDADE
- ESCOITA ACTIVA
- DIÁLOGO CONSTRUTIVO

**COMO SE
ENSINA A
DESENVOLVER A
COMPETENCIA
COMUNICATIVA?**



SECUENCIAS DIDÁCTICAS CON ENFOQUE COMUNICATIVO

LINEALIDADE

- Tarefa inicial (coñecementos previos).
- Tarefas secuenciadas (posibilitadoras).
- Tarefa final (seguinte inicio).

ENFOQUE COMUNICATIVO

- Uso social das linguas.
- Traballo cos xéneros discursivos.
- Paso da gramática descritiva á reflexión sobre o funcionamento da lingua.
- Ensino coherente das linguas, integrando.

ENFOQUE GLOBAL

- As linguas ensínanse desde todas as materias.
- As ANL precisan das linguas para vehicular os seus saberes.
- A ABP permite desenvolver o TILC.

**QUE É O
ENFOQUE
COMUNICATIVO?**



ENFOQUE COMUNICATIVO

neralitat de Catalunya.
O modelo lingüístico
do sistema educativo
de Cataluñ



**QUE É O
ENFOQUE
GLOBAL?**



ENFOQUE GLOBAL

A aprendizaxe de linguas

Aprender as linguas de
maneira competencial e
facilitar o seu uso en
situacións de
aprendizaxe real.

Ensinar as linguas a
través de todas as
materias (TILC)

Ensinar as linguas
de maneira
coherente e
integrada (TIL)


Intercomprensión,
actividades de
sensibilización e
interculturalidade

**CAL É A
METODOLOXÍA
INDICADA ?**




O TIL

TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS




O TIL é unha metodoloxía para o ensino, aprendizaxe e avaliación das linguas, que ten o seu fundamento na **competencia subxacente común** (“repertorio lingüístico”, ou os recursos e habilidades necesarias para desenvolver a competencia plurilingüe), proposta por **Cummins**, na súa **teoría do dobre iceberg**.



Ángel Huguet e Judit Janés / Baker y Hornberger (2001) . Interdependencia lingüística en bilingües (modelo do "dobre iceberg")

O TILC

TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS E CONTIDOS




As persoas docentes das **ANL** tamén teñen responsabilidade no desenvolvemento da Competencia Comunicativa do alumnado. O alumnado debe aprender en cada ANL as formas de expresión propias desa área e usalas para a resolución de tarefas de dita área.

Trátase de **integrar contido e lingua para un verdadeiro desenvolvemento da CCL.**

Trátase de **usar a(s) lingua(s) como instrumento(s) de aprendizaxe doutros saberes, non como un fin en si mesma(s).**

**CALES SON AS
DESTREZAS DA
COMPETENCIA
COMUNICATIVA?**





01
**COMPRENSIÓN
ESCRITA**

03
**EXPRESIÓN
ESCRITA**

05
INTERACCIÓN

02
**COMPRENSIÓN
ORAL**

04
**EXPRESIÓN
ORAL**

06
MEDIACIÓN

QUE É A COMPETENCIA LECTORA?





PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DO **ENSINO PÚBLICO**



A PLATAFORMA EN DEFENSA DO
ENSINO PÚBLICO DE GALICIA
CONVOCA FOLGA NO SECTOR
EDUCATIVO O 9 DE MARZO





MANEIRAS DE LER

“Ler de maneira literal. Ler as liñas: decodificar

Ler de maneira inferencial. Ler entre liñas:
comprender as instencións e presuposicións, o
significado non explícito.

Ler de maneira referencial. Ler tras as liñas:
interpretar o significado oculto. R Realizar unha
lectura profunda, social, cultural política. Ler con
lupa.



QUE É LER?



PLATAFORMA GALEGA
EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO



NON A LOMCE
ENSINO PÚBLICO GALEGO



A PLATAFORMA EN DEFENSA DO
ENSINO PÚBLICO DE GALICIA
CONVOCA FOLGA NO SECTOR
EDUCATIVO O 9 DE MARZO

Ensino público de calidade

Proba de lectura de **Cartas de inverno**



Cuestionario

- 1.- Tareixa abriu o voluminoso sobre que lle enviara o seu irmán Xabier. Que había dentro?
- 2.- Cal fora a causa principal de que Xabier Louzao se fixese tan coñecido como escritor e de que as súas obras obtivesen tanto éxito en moitos países?
- 3.- En que mes se xuntaban Xabier Louzao e Adrián Novoa no seu Viveiro natal todos os anos?
- 4.- Por que non querían falar da casa que comprara Adrián as persoas dos arredores?
- 5.- Adrián vai con moita frecuencia ó bar Sttugart, incluso a comer. Como se chama o dono? E a muller?
- 6.- Unha noite, ás cinco da mañá, o teléfono de Adrián empezou a soar, a pesar de que non debía facelo. Por que lle resultou tan raro que soase?
- 7.- Despois recibiu unha mensaxe polo fax. Só aparecían dúas palabras, repetidas moitas veces. Unha das palabras era ARRIBA. Cal era a outra?
- 8.- Que accidente ocorreu na casa a noite do 28 ó 29 de abril, cando Xabier estaba encerrado nun cuarto de arriba?

Exame de lectura de **Crónica de una muerte anunciada**



Cuestionario

Apenas aparecí en el vano de la puerta me confundió con el recuerdo de Santiago Nasar. «Ahí estaba», me dijo. «Tenía el vestido de lino blanco lavado con agua sola, porque era de piel tan delicada que no soportaba el ruido del almidón.» Estuvo un largo rato sentada en la hamaca, masticando pepas de cardamina, hasta que se le pasó la ilusión de que el hijo había vuelto. Entonces suspiró: «Fue el hombre de mi vida».

1. Localiza el fragmento en el conjunto de la historia.
2. Polifonía (o multiperspectivismo), estilo, estructura, motivos temáticos recurrentes y técnicas narrativas en Crónica...
3. Explica el realismo mágico a través de este fragmento.
4. Menciona a los personajes secundarios y di algún rasgo que destaque de alguno de ellos.
5. Como termina la historia? Narra su desenlace.

COMPRESIÓN ESCRITA

Ler é comprender un texto.

Comprender é construír o significado dun texto.

A comprensión escrita é a capacidade que temos os individuos para captar e integrar os diferentes elementos dun texto escrito en tres niveis distintos e progresivos.



COMPRESIÓN ESCRITA



NIVEL 1. Nivel de comprensión básico. Supón o recoñecemento da **macroestrutura** do texto. Extrae ideas do texto. É previo a calquera outro e a calquera traballo lingüístico que se queira facer a partir do texto. A reflexión sobre a lingua do texto virá despois da comprensión do texto. **Contido.**

NIVEL 2. Nivel de comprensión medio. Supón o recoñecemento da **microestrutura** do texto. Extrae e relaciona información do texto. Implica analizar a tipoloxía textual e desenvolver a reflexión sobre a lingua empregada. **Forma**

NIVEL 3. Nivel de comprensión profundo. Supón entender a **supraestrutura** (creación dun significado novo na mente). Extrae significados do texto a partir de experiencias previas ou do contexto. Implica comprender a información non explícita, inferir información, ler entre liñas. (narrativa, argumentativa, instrutiva...)

QUE É A MEDIACIÓN LECTORA?





**Desenvolver
estratexias que
favorezan a
comprensión lectora
nos estudantes.**

**Incorporar, en todas
as materias,
estratexias para a
comprensión de
textos que
favorezan o proceso
de aprendizaxe.**

PARA...

**potenciar o pensamento crítico que
posibilita o razoamento lóxico, a
resolución de problemas e a toma
de decisións por parte do alumnado.**

PARA...

**que melloren o seu rendemento
académico e sexan estratéxicos e
reguladores do seu propio proceso
de aprendizaxe.**



MEDIAR

PARA...


progresar dunha situación
real de NON LECTOR ou
NON LECTORA
a outra situación ideal de
LECTOR ou LECTORA.

Porque **un lector ou lectora
non nace; faise.**




Na mediación reconécese o papel activo do estudante na aprendizaxe e o rol esencial do docente mediador no proceso de ensino, sendo un modelo dialogante (**Sócrates: parteiro intelectual**) que garantiza a formación de lectoras-es, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado.


- **Formación continua.**
- **Ensinar co exemplo, ocupándose do seu propio perfil lector.**
- **Propor lecturas de interese para o alumnado.**
- **Adoptar unha metodoloxía activa, con enfoque comunicativo.**
- **Deseñar situacións auténticas, de aprendizaxe real.**



**PRÁCTICA.
SECUENCIA DIDÁCTICA.
MATEMÁTICAS**

**POR QUE AS TAPAS DOS SUMIDOIROS
SON REDONDAS?**





SECUENCIA DIDÁCTICA

SECUENCIA DIDÁCTICA

TAREFA INICIAL
(tarefa, actividade ou
exercício)

**TAREFAS
POSIBILITADORAS**
(tarefas e/ou actividades)

TAREFA FINAL

- 1. MOTIVACIÓN (estímulo)
- 2. ACTIVACIÓN (recordar saberes previos)
- 3. INVESTIGACIÓN (explorar saberes novos)
- 4. REFLEXIÓN (estructurar os saberes novos)
- 5. PRODUCCIÓN (aplicar os saberes para resolver o reto, seguindo indicacións)
- 6. AVALIACIÓN (avaliación, difusión e transferencia de aprendizaxes)




SECUENCIA DIDÁCTICA

Por que as tapas dos sumidoiros son redondas?

ESTÍMULO



Sumidoiro astronauta



Sumidoiro coello




Sumidoiro DJ



Sumidoiros Mario e Luigi



Sumidoiro elefante



Sumidoiro ladron



Sumidoiro Papá Noel



Sumidoiro fumador



Sumidario TV con vídeo



Intervención para orientar o alumnado arredor da maneira en que debe achegarse á lectura.
Motivación.

SECUENCIA DIDÁCTICA

*Por que as tapas dos
sumidoiros son
redondas?*

COLOQUIO ARREDOR DO ESTÍMULO

- Que sabes dos sumidoiros?
- Cantas bocas de sumidoiro hai desde o instituto á túa casa?
- Que formas teñen?
- Para que sirven?
- De que cres que están feitas?
- Canto cres que pesan?
- É habitual atopalos aquí con deseños artísticos como en Brasil?
- A partir da canción de Stella Maris, que valor simbólico cres que posúe a palabra sumidoiro? A que se asocia?



Intervención para orientar sobre as estratexias para aprender a aprender.

SECUENCIA DIDÁCTICA

*Por que as tapas dos
sumidoiros son
redondas?*

TAREFA INICIAL

Realiza unha lectura autónoma e comprensiva do texto (subliñando as ideas máis importantes, marcando no texto o que consideres relevante e numerando nas marxes os argumentos). Despois **elabora un esquema** seguindo as indicacións do Caderno TIL.



SECUENCIA DIDÁCTICA

***Por que as tapas dos
sumidoiros son
redondas?***

TAREFA INICIAL

Texto

As tapas dos sumidoiros son un elemento importante dos sistemas de infraestrutura urbana e rural. Convertidos estes en subterráneos durante o século XIX, as súas arquetas proporcionan un sistema de acceso seguro á rede de cloacas. Pero por que son tan pesadas esas tapas?

Son varias as razóns que podemos barallar, mais seguramente a principal é que as bocas dos sumidoiros engaden unha capa protectora entre o sistema de latrinas e a superficie pola que todas e todos camiñamos, proporcionan unha barreira robusta e irrompíbel entre o mundo exterior e a entrada aos túneles subterráneos.

Aínda que se poden levantar, realmente son demasiado pesadas para que unha persoa non profesional as poida erguer e isto é así porque se trata dun elemento de seguridade, ademais dun punto de acceso ou unha interesante peza de infraestrutura.

Debido ao seu peso (unha boca estándar pesa máis de 113 kilogramos), as tapas deben manter un equilibrio adecuado entre ser o suficientemente pesadas como para que non se movan ou non se desprendan cando o tráfico pase por riba, pero no ser tan pesadas como para que os traballadores do servizo non poidan levantalas cun gancho de sumidoiro.

En definitiva, todas as razóns xiran arredor da seguridade, pois tamén é importante que persoas non autorizadas e con ganas de falcatuadas non poidan levantar a tapa do pozo e entrar nos sumidoiros sen permiso, formación nin equipo adecuados.



SECUENCIA DIDÁCTICA

*Por que as tapas dos
sumidoiros son
redondas?*

TAREFAS POSIBILITA- DORAS

Intervención para orientar a comprensión lectora: o propósito do texto, a perspectiva do autor, os puntos relevantes do contido, a análise da interacción entre lector e texto... Lectura guiada.

- **Analiza a organización e estrutura do texto.** Como se organiza? Como se constrúen os seus parágrafos? Con que tipo de texto se corresponde?
- **Analiza as propiedades textuais:**
 - Identifica os elementos que cohesionan o texto.
 - Como se logra no texto a progresión informativa?
 - Sinala o rexistro no que se atopa e sostén a túa afirmación con exemplos do texto.
- **Busca palabras clave do texto** a través de:
 - termos que sexan sinónimos
 - termos que pertencen ao mesmo campo semántico
 - termos que posúan a mesma raíz
- **Identifica o tipo de construción sintáctica que se repite en cada parágrafo.** Como a enunciarías de xeito simplificado?
- **Elabora un resumo do texto** seguindo as indicaicóns do Caderno TIL.
- **Interpreta o texto** en base a estes dous elementos:
 - Cal é a intención do autor ou autora deste texto? A quen se dirixe
 - Comenta se o texto posúe algún elemento humorístico ou irónico.



SECUENCIA DIDÁCTICA

*Por que as tapas dos
sumidoiros son
redondas?*

TAREFA FINAL

EXPRESIÓN ESCRITA

Seguindo o modelo do texto lido e servíndote dos elementos que o caracterizan, constrúe un texto semellante que recolla a túa opinión argumentada e resolva o seguinte enigma: ***Por que as bocas dos sumidoiros son redondas?***

Para isto deberás consultar estas **fontes de información**:

- El País
- El Mundo

E deberás seguir as **indicacións recollidas no Caderno TIL** para a elaboración deste tipo de textos así como para a súa presentación.

O principio dun bo escritor
ou dunha boa escritora é
ser unha boa lectora ou un
bo lector

Resumindo...

Decálogo para o desenvolvemento da comprensión lectora

1. Escoller un texto auténtico e interesante para o alumnado. (Motivación)
2. Escoller como unidade de traballo o texto ou o parágrafo.
3. Partir da comprensión global e ir avanzando até os aspectos lingüísticos. Do contido á forma, para comprender a organización ee poder anticipar e inferir.
4. O labor na aula debe ser un reflexo dunha lectura real, buscando reconstruír a mensaxe da autora.
5. Cando se faga lectura, a actividade debe ser a lectura dos textos, non falar sobre o texto.
6. As actividades de comprensión lectora deben ser flexibles e variadas (Motivación).
7. Compaxinar lectura intensiva coa lectura extensiva, adaptadas ao nivel do alumnado.
8. A función docente non é explicar o texto e dar información, senón guiar o alumnado polo texto, organizar a lectura guiada e asesorar.
9. Explicarlle ao alumnado el significado dun texto non equivale a desenvolver a súa comprensión lectora; para isto é preciso ensinalles a desenvolver estratexias cognitivas que lles permitan reconstruír a mensaxe orixinal, interpretarlle e valorarlle.
10. Integrar a comprensión lectora coas demais destrezas.

MOITAS GRAZAS POLA

ATENCIÓN PRESTADA!

